



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Subdirección Xeral de Formación e
Innovación Agroforestal

Camiño Francés, 10
15703 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 691 Fax: 981 546 651
formacion.cmrm@xunta.es

galicia

SANEA CONTROL, S.L.

A/A José Antonio Gómez Serrami

Avda Mahía 106, baixo

15220 Bertamiráns – Ames

A Coruña

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 31/08/2017 09:03:00

SAÍDA 73425 / RX 1221740



RESOLUCIÓNS DE AUTORIZACIÓN DOS CURSOS DE NIVEL BÁSICO E CUALIFICADO DE
APLICADOR/MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS NO ANO 2017. MODALIDADE
NON PRESENCIAL

Remito resolucións do director xeral de Ordenación Forestal de autorización para impartir os cursos básico e cualificado de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios na modalidade non presencial, durante o ano 2017.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2017

A xefa de sección

Carmen María Seco García



RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN PARA IMPARTIR CURSOS DE APLICADOR/ MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS DO NIVEL BÁSICO, NA MODALIDADE NON PRESENCIAL

Expediente nº: 2017/SANEA/B/NP/003

ANTECEDENTES

D. José Antonio Gómez Serramito, como representante da entidade “SANEA CONTROL, S.L.” con NIF B15968308, presentou solicitude de autorización para a realización de cursos para a capacitación na utilización de produtos fitosanitarios de nivel básico na modalidade non presencial, xunto á correspondente documentación.

A entidade está autorizada pola Consellería do Medio Rural e rexistrada co número: ECMR_024/11 para a realización de actividades de formación continua e transferencia de tecnoloxía en materia agraria.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E LEGAIS

1. O *Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro polo que se establece o marco de actuación para acadar un uso sostible dos produtos fitosanitarios* (BOE nº: 223 do 15.09.2012) establece no artigo 17 e seguintes, os requisitos de formación de usuarios profesionais e vendedores.
2. O procedemento para a autorización dos cursos de manipulador -aplicador de produtos fitosanitarios é o indicado nos artigos 11º a 13º da *Orde da Consellería de Medio Rural do 17 de marzo de 2009 pola que se ditan normas relativas á inscrición no rexistro de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural para a realización de actividades de formación continua e transferencia de tecnoloxía en materia agraria sobre o procedemento de homologación dos cursos realizados por estas entidades e a expedición de certificacións e diplomas oficiais por parte da Administración Pública* (DOG nº 60 do 27 de marzo de 2009).
3. O *Documento de harmonización dos sistemas de formación dos usuarios profesionais de produtos fitosanitarios do Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente (MAPAMA)*, marca as directrices a seguir polos que desexen impartir cursos na modalidade non presencial.
4. A Instrución SFAF Nº 1/2017, indica o procedemento a seguir polas entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural para obter autorización para impartir cursos non presenciais de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios no ano 2017.
5. A Dirección Xeral de Ordenación Forestal é a competente para resolver esta solicitude, tendo en conta a actual estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural aprobada polo Decreto



14	2017SANEAO14BNP	Decembro de 2017
15	2017SANEAO15BNP	Decembro de 2017
16	2017SANEAO16BNP	Decembro de 2017

2. Condicionar esta autorización ao cumprimento dos seguintes requisitos:

-Presentación dunha comunicación antes do inicio da acción formativa, acompañada da documentación que se indica na Instrución SFAF Nº 1/2017 que acompaña a esta resolución.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de alzada ante a conselleira do Medio Rural no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2017.

O director xeral de Ordenación Forestal

Tomás Fernández-Couto Juanas

